

## **REPSOL CELEBRA O DÍA DÍA DO MEDIO AMBIENTE COS ALUMNOS DO IES A PASTORIZA**

- **A xornada comezou coa entrega de premios aos mozos participantes no concurso de limpeza e reciclaxe nas aulas**
- **A continuación, os alumnos realizaron a plantación dunha árbore no xardín do centro educativo**
- **Esta colaboración atópase dentro do compromiso da refinería coa súa contorna máis próxima**

A refinería de Repsol na Coruña celebrou o Día Mundial do Medio Ambiente xunto aos alumnos do IES A Pastoriza dentro das accións recollidas no plan de limpeza que ambas as entidades promoven desde o curso 2015-2016 entre os alumnos do centro arteixan.

A xornada comezou coa entrega de premios aos mozos participantes no concurso de limpeza e reciclaxe nas aulas, que este ano contou con 90 participantes que se encargaron durante todo o curso de preservar un centro educativo limpo e puideron desenvolver a súa creatividade, traballo en equipo e o respecto ao medio ambiente.

O director da refinería, Javier Sancho, a subdirectora de Persoas e Organización do complexo industrial, Dácil Suárez, e o director do IES A Pastoriza, Javier Cal, foron os encargados de entregar os premios que nesta edición recaeron sobre: 2º E. S.O. B, pola aula máis limpa, 3º E. S.O. A, pola aula en mellor estado de conservación, e 3º E. S.O. B, pola aula máis ordenada.

A continuación, para clausurar a xornada os alumnos realizaron a plantación dunha árbore no xardín do centro educativo. Trátase dun castiñeiro que se suma aos dous liquidambar americanos plantados en anos anteriores.

## **Plan de limpeza 2017-2018**

O plan de limpeza do IES A Pastoriza ten como obxecto concienciar ao alumnado da importancia e necesidade de ter unha contorna limpa, sensibilizar á comunidade educativa da cantidade de residuos que se xeran nun centro, tomar conciencia de que os residuos poden ser reutilizados a través de novos hábitos de consumo e de impacto ambiental e potenciar a idea de que pequenas accións provocan grandes cambios.

Este plan desenvólvese todos os anos en dous ámbitos: as patrullas de limpeza formadas por alumnos voluntarios encargados de fomentar e comunicar durante os recreos condutas correctas de limpeza nas instalacións, e o concurso de limpeza e reciclaxe nas aulas no que os alumnos do centro responsabilizáronse do estado de conservación das clases e do desenvolvemento de propostas de melloras.

A colaboración que a refinería de Repsol mantén co IES A Pastoriza atópase dentro do compromiso coa súa contorna máis próxima.